

# VIDEOCONFERENCIA DE DESPEDIDA DO CURSO

Queridas familias, isto chega ao seu fin. Sei que tanto as nenas e os nenos como as nais e pais estades bastante esgotados, mais gustaríame organizar unha última videoconferencia este venres 19 de xuño ás 5 da tarde, para que todos os nenos que poidan unirse o fagan e así despedirnos ata o próximo curso.

Nesta ocasión, quero que escriban un pequeno texto sobre o que teñen pensado facer ou o que lles gustaría facer este verán. Lerán o texto durante a reunión e poden acompañalo cun debuxo se así o desexan. Desta maneira, teremos a oportunidade de escoitar a todos un pouquiño.

Coma sempre, o día e á hora indicados debedes entrar na seguinte ligazón e unirvos á reunión:

<https://eduxunta.webex.com/meet/marina.garcia.san.leon>

Se alguén ten dúbidas de como é o proceso, lembrede que están colgadas na páxina do centro unhas instrucións detalladas.

Para os que non teñades a oportunidade de participar, deséxovos un moi bo verán! Ata pronto!

Mariña